



CONCELLOS

COSPEITO

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2020.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde - Presidente mediante Resolución do 19/11/19 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao Cuarto trimestre de 2020 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

"PRIMEIRO. Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 71.666,14€ (IVE incluído) correspondente ao 4º trimestre de 2020 e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
4º T 2020	30.817,65	23.576,76	556,80	13.629,13	3.085,80	71.666,14

SEGUNDO. Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2021

Padrón	Período voluntario de cobro
4º Trimestre 2020	Do 22/02/2021 ao 26/03/2021

TERCEIRO. Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

CUARTO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

(...)"

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico –administrativa ante o órgano económico –administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Santander e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 4 de marzo de 2021.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0590

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 25 de febreiro de 2021, aprobáronse os Padróns da taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas dos meses de novembro e decembro de 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 1 de marzo e o 30 de abril de 2021.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 25 de febreiro de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 0591

GUITIRIZ*Anuncio***OFERTA EMPREGO PUBLICO PARA O ANO 2021 DO CONCELLO DE GUITIRIZ**

Na Xunta de Goberno Local de data 03/03/2021 adoptouse o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2021 que contén o seguinte posto de traballo de persoal funcionario que deberá convocarse no prazo máximo de 3 anos:

Denominación Grupo Escala Subescala	Nº Vacantes	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Conserxe Colexio e outras instalacións municipais Grupo AP Administración Xeral Subalterna Ficha Nº14 RPT, Código 18	1	Libre	Oposición	Artigo 19.Uno.3.A) LOXE 2018

SEGUNDO.- Que se publique no taboleiro de anuncios da Corporación, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no DOG.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da publicación ante o mesmo órgano que a ditou conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da publicación de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que estime procedente.

Guitiriz, 4 de marzo de 2021.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0592

*Anuncio***Convocatoria para a actualización da bolsa de emprego temporal de peón-condutor de servizos múltiples anos 2020-2022. Expte. 217/2021.**

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/03/2021 aprobáronse as bases e convocatoria para a actualización da bolsa de emprego temporal de peón-condutor de servizos múltiples anos 2020-2022 para o Servizo de Medio Ambiente e Infraestruturas.

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.concellodeguitiriz.com), na sede electrónica municipal (<http://guitiriz.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios (planta baixa da Casa Consistorial do Concello de Guitiriz, sita na rúa do Concello nº4, 27300 de Guitiriz).

Guitiriz, 4 de marzo de 2021.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0593

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XANEIRO 2021**

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 11 de febreiro de 2021 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xaneiro de 2021, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xaneiro: 3500,68 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de marzo de 2021 e o 01 de xuño de 2021. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro 11 de febreiro de 2021.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R.- 0594

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Vistas as bases publicadas no BOP de Lugo número 049 de data 02 de marzo de 2021, obsérvase un erro :

Na cláusula SEGUNDA- Condicións de Admisión de aspirantes, **onde Di.**

e) estar en posesión dos seguintes títulos:

Graduado escolar ou equivalente.

Carné de instalador de calefacción.

Certificado de manipulador de alimentos.

Debe dicir:

e) estar en posesión dun dos seguintes títulos:

Graduado escolar ou equivalente.

Carné de instalador de calefacción.

f) Certificado de manipulador de alimentos.

A Pobra do Brollón, 05 de marzo de 2021.- O alcalde, José Luis Maseda Vilariño.

R. 0595

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de marzo de 2021, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de Febreiro de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 10 de marzo de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R.B 0633

TABOADA

Anuncio

ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “ABASTECIMENTO DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE” E DE “SUMIDOIROS” CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DO 2020.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo “Abastecemento de auga, acometidas e traspasos de titularidade” e de “Sumidoiros” correspondentes ao 4º trimestre do 2020, foi aprobado por Resolución de Alcaldía de data 5 de marzo de 2021.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de 15 días, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

“Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderase empregar e exercer calquera outro recurso”.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de cobranza en voluntaria será o comprendido:

Padrón 4º trimestre de 2020 dende o día **15 de marzo de 2021 ao 17 de maio de 2021**, ambos os dous incluídos.

Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma. Advírtese que a falta de pago do canon da auga en período voluntario en cumprimento do DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, supoñerá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de préa pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

En Taboada a 9 de marzo de 2021.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0614

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE NOVEMBRO DE 2020.

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2021-0094 de 5 de marzo de 2021, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de novembro de 2020 polo importe total de 119,00€

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En O Valadouro, 5 de marzo de 2021.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0597

XERMADE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Ao non terse presentado alegacións no prazo de exposición pública, enténdese definitivamente aprobada a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos acordada polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2020, publicándose o seu texto íntegro, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do abril, facendo constar que contra a aprobación definitiva da ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.

“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1.- Fundamento e natureza

No das facultades atribuídas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a exacción da taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, das que as normas atenden ó previsto no artigo 57 do Real decreto lexislativo 2/2004.

Artigo 2.- Feito imponible

2.1 Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa que se leve a cabo con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes dos que entenda a Administración e Autoridades municipais.

2.2 Ós sinalados efectos entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que promova o particular ou redunde no seu beneficio aínda que non medie solicitude expresa do interesado.

2.3 Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra as resolucións municipais de calquera índole, os relativos a prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal que están gravados por outra Taxa municipal ou polos que se esixa prezo público por este Concello.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou no interese das cales redunde a tramitación do documento ou expediente do que se trate.

Artigo 4.- Responsables

4.1 Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas referidas nos os artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4.2 Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Exencións subxectivas

Terán unha exención subxectiva aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Xermade ó respecto.

Artigo 6.- Cota Tributaria

6.1 A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar dacordo coa Tarifa que se recolle no seguinte artigo.

6.2 A cota de tarifa corresponde a tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación o interesado do acordo recaído.

6.3 As cotas resultantes na aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50% cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

Artigo 7.- Tarifa

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase da maneira seguinte:

1. DOCUMENTOS RELATIVOS A URBANISMO

- Certificacións de calificacións urbanísticas: 10 euros
- Expedientes acreditativos da antigüidade das edificacións: 10 euros
- Expedientes sobre incoación ou non de expediente de reposición da legalidade ou sancionador: 10€

2. OUTROS DOCUMENTOS

- Inscripción no libro Rexistro de parellas de feito: 6 euros
- Certificacións de empadronamento do padrón vixente: 3 euros
- Certificacións de empadronamento de padróns anteriores: 3 euros
- Certificacións de acordos municipais.
Do ano en curso: 3 euros
De anos anteriores: 5 euros
- Outros informes non comprendidos nos apartados anteriores: 3 euros
- Outros certificados non comprendidos en apartados anteriores:
Se necesitan informe técnico: 12 euros
Se non necesitan informe técnico: 3 euros
- Cambio de titularidade de licenzas de apertura de establecementos: 100 euros

3. PLANOS, FOTOCOPIAS E DOCUMENTOS TECNICOS.

- Por cada documento que se expida en fotocopia:
Por cada folio tamaño A4: 0,10 euros
Por cada folio A3: 0,20 euros
Por cada folio tamaño A2: 1 euro
Por folio tamaño A1: 2 euros
Por folio tamaño A0: 10 euros
- Polas compulsas de documentos:
Primeira compulsas: 1 euro
Segunda e seguintes: 0,30 euros/cada unha.
- Compulsas de documentos esixidos para a obtención de prestación dos servizos sociais municipais, ou de axuda ás familias por fillos cursando estudos (bolsas de estudos), por folio: 0 euros

4. DOCUMENTACIÓN CATASTRAL.

- Copia da cartografía en papel:
Copias en A4: 0,10 euros
Copias en A3: 0,20 euros
- Certificacións catastrales descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica: **5 euros**

5. DEREITOS DE EXAME

- Para acceso, como persoal funcionario de carreira, ao grupo de titulación A1, ou como laboral fixo ó nivel 1: 33,00 euros
- Para acceso, como persoal funcionario de carreira, ao grupo de titulación A2, ou como laboral fixo ó nivel 2: 27,00 euros
- Para acceso, como persoal funcionario de carreira, ao grupo de titulación C1, ou como laboral fixo a niveis equivalentes: 21,00 euros
- Para acceso, como persoal funcionario de carreira, ao grupo de titulación C2, ou como laboral fixo a niveis equivalentes: 14,00 euros
- Para acceso, como persoal funcionario de carreira, ao grupo de titulación AP, ou como laboral fixo a niveis equivalentes: 8,00 euros

Artigo 8.- Bonificacións da cota

Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

Artigo 9.- Devengo

9.1 Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

9.2 Nos casos a que se refire o nº 2 do artigo 2 o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando ésta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 10.- Declaración de ingreso

10.1 A taxa esixirase en réxime de autoliquidación polo procedemento do selo municipal adherido o escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se o escrito non existe, ou a solicitude non foi expresa.

10.2 Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que subsane a deficiencia, para esta finalidade requirirase ó interesado para que, no prazo de 10 días abone as cotas correspondentes, co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectua-lo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

Artigo 11.- Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións será aplicable, según dispón o artigo 11 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais aprobado por RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a regulación contida nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICION FINAL

1.- A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vinte e un de decembro 2006 entrando en vigor o día da súa publicación no BOP e será de aplicación no exercicio 2007 permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Coa entrada en vigor desta Ordenanza queda derogada a anterior Ordenanza fiscal Nº 4 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos aprobada no ano 1989."

Xermade, 5 de marzo de 2021.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0598

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

DAVID SANTOS RIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 40/2021 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. JOSE MONTECELO VARELA contra las empresas ISEMPA SL, OTEGA INGENIERIA SL, EOFUZ SL, ISEMPA SOLAR SL, EOGAL BIOENERGIA SL e ISEMPA SA, se ha dictado auto, en el día de la fecha, cuya parte dispositiva literalmente dice:

“DISPONGO: Despachar orden general de ejecución de la sentencia firme de fecha 13/01/2021 dictada en los autos 981/2019 de este Juzgado, a favor de D. JOSE MONTECELO VARELA, frente a las empresas ISEMPA SL, ORTEGA INGENIERIA SL, EOFUZ SL, ISEMPA SOLAR SL, EOGAL BIOENERGIA SL e ISEMPA SA, en forma solidaria, por importe de **12.317,16 euros** en concepto de principal, más otros **2.400 euros** que se fijan provisionalmente en concepto de intereses que, en su caso, puedan devengarse durante la ejecución y las costas de ésta, sin perjuicio de su posterior liquidación.

Notifíquese a las partes.

Contra este auto **podrá interponerse recurso de reposición**, a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación, en el que **además** de alegar las posibles infracciones en que hubiera de incurrir la resolución y el cumplimiento o incumplimiento de los presupuestos y requisitos procesales exigidos, **podrá deducirse la oposición a la ejecución despachada**, aduciendo pago o cumplimiento documentalmente justificado, prescripción de la acción ejecutiva u otros hechos impeditivos, extintivos o excluyentes de la responsabilidad que se pretenda ejecutar, siempre que hubieren acaecido con posterioridad a su constitución del título, no siendo la compensación e deudas admisible como causa de oposición a la ejecución.

Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Depósitos y Signaciones Judiciales abierta en la entidad BANCO SANTANDER (IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274), expediente número 2323000030098119. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.”

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a las empresas **ISEMPA SL, OTEGA INGENIERIA SL, EOFUZ SL, ISEMPA SOLAR SL, EOGAL BIOENERGIA SL e ISEMPA SA**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o de decreto que ponga fin al procedimiento o resuelva un incidente, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a cuatro de marzo de dos mil veintiuno. EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 0599

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01341

PETICIONARIO: José Antonio Varela Sánchez

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Abelairas

LOCALIDAD: Abelairas San Xoán do Alto (San Xoán)

TÉR. MUNICIPAL: Lugo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Mera/Mera

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Abelairas" – "José Antonio Varela Sánchez", con un volumen máximo anual de 310,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que

los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0600

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01358

PETICIONARIO: M^a Jesús Piñeiro Mejuto

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Silvarrei

LOCALIDAD: Silvarrei (San Xoán)

TÉR. MUNICIPAL: Outeiro de Rei

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Sta. Marta de/Sta. Marta de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Silvarrei" - "M^a Jesús Piñeiro Mejuto", con un volumen máximo anual de 248,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Depurador compacta.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0601

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01372

PETICIONARIO: Ángel Paz Sánchez

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Carballido

LOCALIDAD: Carballido San Martiño de Pacios

TÉR. MUNICIPAL: Begonte

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Ladra/Ladra

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Carballido" - "Ángel Paz Sánchez", con un volumen máximo anual de 248,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0602
